



**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O  
DIA VINTECATRO DE XANEIRO DE DOUS MIL CATORCE**

**ASISTENTES:**

**ALCALDESA-PRESIDENTA**

Dona María Loureiro García.(PSd G-PSOE)

**CONCELLEIROS**

D.Jesús Antonio Fernández Cal, PSde G-PSOE  
D<sup>a</sup>.María Isabel Rodríguez López( PSde G-PSOE  
D.Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro( PSde G-PSOE  
D<sup>a</sup>.Covadonga Viamonte Aguiar( PSde G-PSOE  
D.Vicente Hermida Rodriguez (PSdG-PSOE)  
D.Cesar Aja Mariño,(P.P.)  
D.Jaime Eduardo de Olano Vela, (P.P.)  
D.Antonio José Bouza Rodil, (P.P.)  
D<sup>a</sup>.M<sup>a</sup>.del Carmen Gueimunde Gonzalez, (P.P.)  
D.Celestino Valentín García Paz, (P.P.)  
Dona Cándida Mendez Salgado (PP)  
D.Bernardo José Fraga Galdo, BNG  
D.Manuel Galdo Dopico,BNG  
D<sup>a</sup>.Olaia Casas Chaves,BNG  
D.Guillermo Leal Arias,IVI  
D.Jesús Fernández Fernández,IVI

**SECRETARIA ACCIDENTAL**

D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera

**INTERVENTOR ACCIDENTAL**

**D. Sergio Aguado Delicado**

**EXCUSA A SUA ASISTENCIA**

Na Casa do Excmo.Concello de Viveiro, sendo as catorce horas do día vinte catro de xaneiro de dous mil catorce, baixo a Presidencia da Sr<sup>a</sup>.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidental, D<sup>a</sup>.Fátima Moar Rivera, que substitúe, e coa asistencia do Sr.Interventor en funcións, D.Sergio Aguado Delicado, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Aberta a sesión e declarada pública pola Sr<sup>a</sup>.Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Sr<sup>a</sup>. Secretaria accidental do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos establecidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado polo R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento do único punto da orde do día.



## **1.- APROBACION DA CONTA XERAL DO PRESUPOSTO EXERCIZO 2012**

Pola Sr<sup>a</sup>. Alcaldesa indícase ao Pleno Corporativo o seguinte:

Visto o expediente de aprobación da Conta Xeral de 2012, e considerando:

Primeiro: Esta Conta Xeral, preparada pola Intervención e rendida pola Presidencia, está integrada polos documentos a que se refiére o artigo 209 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Segundo: Conta co informe favorable da Intervención e foi examinada e dictaminda pola Comisión Especial de Contas.

Terceiro: Sometida a información Pública por espacio de quince días hábiles e oito mais, non se formularon reclamacións.

Seguidamente, pola Presidencia declárase aberto o debate do presente asunto:

Intervén, en representación do Grupo Municipal do P.P., o Sr. D. Antonio José Bouza Rodil, quen dí, que xa votaron negativamente na Comisión Especial de Contas do pasado 4 de novembro de 2013, e ven en sinalar e explicar os motivos polos que votaron negativamente a estas Contas Xerais de 2012. Dí que esta Comisión tería que celebrarse no pasado mes de xuño de 2013 para levala posteriormente ao Pleno co dictame, e todo isto, antes do 15 de outubro de 2013, polo que vai fora de prazo.

Di que estas Contas do 2012, seguen sendo as dun presuposto prorrogado do 2008; e que estase incumprindo o establecido no artº 162 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba a Lei Reguladora de Facendas Locais. Continúa dicindo que os ingresos non son reais, están inflados, e que non se recadan as cantidades presupuestadas, pero que se segue gastando coma se se ingresaran ou se recadaran... Dí que non se leva correctamente a contabilidade de amortización de capitais e o mesmo ocorre nas contas. Cita, por exemplo; 87.950 (977.00 €uros do Imposto) de Actividades Económicas (IAE); cantidades presupuestadas que non se recadan, tamén 924.823 €uros do ICIO; cantidade presupuestada que non se recada, 468.126 €uros por Taxas de licenzas. Di que a Sogama, figuran presupostadas 368.096 euros, pero logo non se lle paga practicamente nada dende o 2012.

Dí que todo isto leva a uns desfases que provocan situacións de endebedamento actual ao estar os presupostos inflados, e dí que non se recada o previsto e hai moitísimas débedas que non se poden pagar. Dí que por habitante o endebedamento era no ano 2011 de 401 euros; pero no ano 2012 chegou a un endebedamento de 904 €uros por habitante. Continúa dicindo que hai un dato que é que, entre o 2008 e 2011 hai unha débeda de mais de seis millóns de €uros., bastante mais, que perante os vinte anos que gobernou o Partido Popular, e dí que o informe de Intervención, xa pon que os gastos de persoal, que xa se rebaixaron con respecto ao 2011, -segue indicando que haberá que seguir nesta liña de rebaixa..., se se quere cumprir co plan de axuste..., e recorda que tiña que ter presentado un estudo de efectivos de persoal, que a día de hoxe, que nos seibamos non se ten feito nada ao respecto.



Dí tamén que o Concello de Viveiro conta con 988.514 euros de facturas pendentes e con un remanente negativo de tesourería de casi 200.000 euros e tendo en conta que polo Sr. Interventor xa se recomenda mais control para manter o equilibrio presupuestario e a liquidez municipal, e dí que ante esta situación o Partido Popular non vai apoiar estas Contas que supoñen un autentico lastre para o desenrolo do futuro do noso Concello e que o seu Grupo volta a rexeitalas da mesma maneira que o fixeron en anos anteriores e que o Grupo de Goberno ten que corrixir esta forma de gobernar nociva para os intereses dos veciños e veciñas de Viveiro.

Intervén a Concelleira-Delegada de Facenda, Sr<sup>a</sup>. Covadonga Viamonte Aguiar, e dí que os papeis aguantan todo o que se lles vote, pero dí tamén, que ten que lembrar o Sr. Concelleiro Bouza Rodil, que non se fixo tan mal.. di, que...según as súas palabras, debemos uns seis millóns de euros,; pero ten que recordar o Sr. Concellerio que xa no ano 2003, o seu partido no Goberno, o Partido Popular, deixaron unha débeda no Concello de 10.980.000 Euros, polo que non é o mesmo; e non se está facendo tan mal, as contas son as que son, están ahí,.. fora de prazo. E dí que sempre me escoitan dicir que estamos presentando as contas fora de prazo; pero o que é certo é que cada vez vamos acertando mais, e vamos a votar a favor destas Contas porque as elaboramos nós e supoñemos que estarán ben xa que foron confeccionadas polos Técnicos contables.

Intervén o Concelleiro do Partido do Bloque Nacionalista Galego (BNG) Sr. Bernardo Fraga, quén dí que non sabe cando se vai rematar o discurso do ano 2003 e seguidamente indica ao Sr. Bouza Rodil, do Partido Popular, un apunte: e dí que saberá que parte do endebedamento actual xa viña de antes. Pero dí tamén que o BNG, xa advertiu no ano 2011 da necesidade de facer os presupostos e dí que ven insistindo na confección dos orzamentos que non se fixeron e isto proboca un endebedamento e sabemos que a xestión económica non e boa, despois dunha situación de boanza económica, a débeda aumentou, non se reduzeu senon que aumentou,.. polo que nós non vamos dar apoio a este Goberno na xestión económica, e dí que xa dixemos moitas veces que temos que ter uns orzamentos axustados á realidade.

Intervén o Concelleiro de Partido Independentes de Viveiro (IVI), Sr. Guillermo Leal, quén dí que se da a lectura según os números...e uns van contentos porque ven melloría e outros buscan a maneira de que é un desastre,.. Dí, que é un desastre xa o sabemos e contribuímos todos. E dí, que digo todos porque xa se está contribuído a este desastre dende o propio Estado cando o Goberno permitiu o abono aos provedores, e este endebedamento estase permitido polo propio Estado. Dí que isto vai a ser un lastre non só para o Concello de Viveiro senon para todos os Concellos cando empecen a amortizar. Dí que esa é a dificultade que vai ter este Concello de Viveiro e os outros. Por iso, dirixíndose ao concelleiro do BNG, Sr. Bernardo, facer un presuposto no Concello de Viveiro require calma, artiluxio e algo de maxia.... e dí que hai que tratar de buscar unha solución o menos mala posible, que non vai ser facil e, dirixíndose á Sra. Alcadesa, dígolle que vai ter unha laboura árdua e dificil para levar a diante uns orzamentos polas dificultades que hai, e dí que levar uns orzamentos medianamente axustados á realidade non vai ser facil. E dí que está de acordo no que dí o Grupo Municipal do Partido Popular en relación as diferencias existentes nun orzamento prorrogado no tempo e alexado da realidade. Iso sabémolo todos e xa estivemos reiteradamente decindo... Os presupostos



prorrogados infláronse e tamen sabemos que tivemos outro lastre neste Concello, que desexo lembrar ao igual que, neste intre, gústame recordar a labor dos servizos de Intervención, dí que co Interventor que se foi, e que tíñamos antes, que xa se deu á fuga en mais dalgunha ocasión, e mandaba números a Madrid que non eran certos e que a nosoutros nos estaba dando outros números distintos. Dí que era un lastre a maiores e que o seu Grupo non está de acordo coa xestión económica como tampouco estiveron en anos anteriores e por iso vámonos abster..., independentemente de que tratemos de buscar solucións xa sabemos, di, que as contas son as que son, e no día de hoxe son os números que hai e son os números cos que nos vamos atopar e pelexar perante uns cantos anos....//

E non producíndose mais intervencións, sométese o asunto a votación e o Pleno da Corporación, tras votación ordinaria, e por maioría, con seis (6) votos a favor e co voto de calidade da Sr<sup>a</sup>. Alcaldesa-Presidenta, cinco(5) abstencións correspondentes aos grupos de B.N.G. e de IVI; e seis (6) votos en contra correspondentes ao grupo do P.P.

ACORDA:

PRIMEIRO.-

Aprobar a Conta Xeral do Presuposto correspondente ao exercizo de 2012 ,así como os seus anexos e xustificantes os que se refire a ICAL de 2004.

SEGUNDO

Conforme ao artigo 212.5 do citado Real decreto 2/2004, trasladar a Conta Xeral aprobada ao Tribunal de Contas.

Non existindo mais asuntos de que tratar, Pola Sr<sup>o</sup>. Alcaldesa dase por rematada a sesión sendo as catorce horas trinta minutos, extendéndose a presente acta da que eu, Secretaria accidenta, certifico o seu contido.

V<sup>o</sup> e prace  
A ALCALDESA-

A SECRETARIA ACCTAL